

A Consellería de Educación autorizou a implantación da xornada continuada en 22 centros escolares

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ensino Básico, decidiu autorizar, con carácter experimental, a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá en 22 centros entre preescolar e EXB, dos que 17 pertencen á provincia da Coruña e cinco á de Pontevedra.

Asimesmo, o Departamento de Educación acordou non concede a autorización en 26 colexios, dos que 23 son da provincia da Coruña e tres de Pontevedra. Por outra parte, 16 centros, que tamén solicitaron a implantación da xornada continuada, están pendentes de resolución mentres non completen a documentación esixida.

A autorización só é efectiva no presente curso escolar, e cada centro deberá presentar ó remate do mesuro, unha memoria avaliadora dos resultados da implantación da devandita xornada ó, mesuro tempo, a Inspección de Educación, e, tendo en conta o carácter experimental, levará a cabo un seguimento exhaustivo desta implantación no que se refire ó número de horas lectivas previstas pola lexislación vixente, así como polo horario de presenza e dedicación ó centro por parte do profesorado e o desenvolvemento do proxecto pedagógico-didáctico presentado para cada un dos centros escolares.

Cada un dos colexios que solicitaron a implantación da xornada continuada tiñán que presentar, entre outros documentos, un proxecto pedagógico-didáctico no que se incluían as actividades extraescolares a realizar pola tarde e xeito de colaboración nas medidas das asociacións de pais de alumnos e outras institucións e organismos.

Coa inclusión deste proxecto, novidade este ano, a Consellería pretende evitar que a xornada continuada quede reducida exclusivamente ó horario fixado, dahi a importancia do programa de actividades que complementen as clases.

Tamén a solicitude tiña que contar co apoio do Consello Escolar, do claustro de profesores e das APAS.

A Consellería de Educación autorizou o curso anterior a implantación da xornada continuada en un total de 36 centros.

Luns, 24 de outubro de 1988